

Lois Pereiro. Día das Letras Galegas 2011

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

VV. AA. (2011 [2011]). *Lois Pereiro. Día das Letras Galegas 2011*. A Coruña: El Ideal Gallego, encarte publicado o 17 de maio, 29-41. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1236>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

VV. AA. (2011). *Lois Pereiro. Día das Letras Galegas 2011*. A Coruña: El Ideal Gallego, encarte publicado o 17 de maio, 29-41.

* Edición dispoñíbel desde o 27 de setembro de 2011 a partir do arquivo en PDF de libre acceso disposto por *El Ideal Gallego* no seu web en maio de 2011. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.



LOIS PEREIRO



2011
DÍA DAS LETRAS GALEGAS



LOIS PEREIRO: A FURIA NECESARIA

LUZ E SOMBRAS DE AMOR
RESUCITADO (1995):

(TANTOS ANOS QUE NON ME
OBSERVABA
UNHA PEL DISTINTA Á MIÑA,
OU QUE NON FOSE XA
PARTE DOS MEUS OLLOS,
EXPLORADA, CONECTADA
OU COMPARTIDA...)

VIII

VENDO ESES DOUS OLLOS
LATEXANTES
CAL VISIÓN DUNHA MAXE
ENTRESOÑADA
NO SEU PEITO EN PERFEC-
TA SIMETRÍA
CUN INTERNO TREMOR QUE
ME FASCINA
DESEXARÍA ENTRAR NELA
E REFUXARME
NO SEU CORPO SECRETO
PARA SEMPRE
PROTEXIDO DA MORTE
COA SÚA VIDA

FÉNDEME O CORPO UN
HÚMIDO ARREPÍO
E BÍCAME AS VÉRTE-
BRAS CON FURIA
NUN VÉRTEGO DE DOR E
DE TENRURA.

XUÑO, 95



Manuel Rivas e Lois Pereiro

Lois Pereiro naceu en Monforte de Lemos no ano 1958. Con dezasete anos marchou a Madrid para continuar os seus estudos e alí fundou, xunto con Antón Patiño, Xosé Manuel Pereiro e Manuel Rivas, a revista Loia, que só coñecería catro números (o último de 1978).

Nesta publicación apareceron poemas do escritor monfortino que posteriormente

FIGUROU nas antoloxías colectivas recollidas baixo os títulos De Amor e desamor (1984) e De amor e desamor II (1985)

serían recollidos en Poemas para unha loia (1996), libro en que se inclúe o ensaio "Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia", que fora dado a coñecer ese mesmo ano nas páxinas da revista Luzes de Galiza.

De regreso ao país, Pereiro figurou nas antoloxías colectivas recollidas baixo os títulos De amor e desamor (1984) e De amor e desamor II (1985), compilacións en que figuran nomes como Pilar Pellarés, Miguel Anxo Fernán-Vello, Manuel Rivas, Xavier Seoane, Francisco Salinas, Xulio Valcárcel, Lino Braxe e outros poetas de moi diferen-

ENTRE AS INICIATIVAS deste grupo heteroxéneo destaca o sostimento da revista Luzes de Galiza


tes tendencias máis que partillaban inquedanzas culturais.

Entre as iniciativas conxuntas deste grupo heteroxéneo destaca o sostimento da revista Luzes de Galiza, onde viron a luz –para alén do ensaio xa citado– os oito primeiros capítulos da súa novela inconclusa Náufragos do paradiso.

En vida Pereiro só publicou dúas obras, Poemas 1981/1991 (1992) e Poesía de amor e enfermidade (1995), duros e espidos poemarios en que se fan patentes as pegadas expresionistas, as referencias á literatura xermánica e certos trazos da contracultura.

A morte sobrevivíalle na cidade Coruña en 1996.

EN VIDA, PEREIRO só publicou dúas obras, Poemas 1981/1991 (1992) e Poesía de amor e enfermidade (1995)



EPITAFIO

*Cuspícame
enriba cando
pasedes
diante do lugar
onde repouse
enviándome
unha húmida
mensaxe
de vida e de
furia necesaria.*



Os irmáns Pereiro, Lois e Xosé Manuel, na súa nenez



MANUAL DE DESOBEDIENCIA

TERESA SEARA

Lois Pereiro é unha voz atípica biografía novelada que Elena Poniatowska escribiu recentemente sobre a figura de Leonora Carrington, cóntase como esta, desde moi nena e mentres non puido fuxir do espírito encorsetamento da súa aristocrática familia, plasmaba nun diario –para ela ‘manual de desobediencia’– as surrealistas imaxes que logo po- boarían os seus portentosos cadros.

De certo, Leonora pertence ao selecto grupo dos tocados pola xenialidade que abren os

ollos sen medo ao enigma, aqueles a quen lles é factible experimentar todo canto de cruel e excelso ten a vida. Nesta exigua nómina figura tamén por dereito propio Lois Pereiro (1958-1996), o escritor a quen lembramos no Día das Letras Galegas 2011.

Considerado xa desde o primeiro libro, Poemas 1981/1991 (1992), como un autor de culto, Pereiro opta por situarse vitalmente a contraño e foi quen de imprimirlle á súa voz un marchamo de modernidade que nos abre os ollos á proble-

CONSIDERADO xa desde o primeiro libro como autor de culto, Pereiro opta por situarse vitalmente a contraño

mática urbana, á cultura centroeuropea, ao punk, a certo cine ‘alternativo’ e, polo tanto, a todo o que foxe do centro, do tópico, ao que é marxinal e fascinante á vez.

Nas súas obras, tanto poéticas –Poesía última de amor e enfermidade (1995)– como narrativas –esa inconclusa novela Náufragos do paradiso (editada postumamente en 1997) e o diario epistolar Conversa ultramarina, que ficou inédito até 2010– e mesmo no ensaio –Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia–, o autor enfronta á morte –ameaza que o ronda desde que consumira aceite de colza desnaturalizado– cun vitalismo radical que o dota desa extrema lucidez só permitida aos seres que se saben efémeros.


Por iso afirma nun poema: “Son un relato breve. O final está escrito,/ e todo o que vexo está sentenciado/ a sobrevivir-

me”, como xa anticipara na novela ao poñer en boca do personaxe de L. a sentenza: “Non hai límite entre alguén e a súa morte”. Mais a obra de Lois Pereiro non é un catálogo de danos senón que, pola contra, contén unha esperanzada mensaxe de vida que se apoia en dúas forzas básicas: o amor e a poesía.

Sentir e expresar o amor polos outros é un bálsamo porque “Desprezando o meu tempo en conta atrás,/ ábrome e derramo a miña vida/ nese amor feroz, calado, sen destino”. A poesía, segundo el mesmo declarou nunha entrevista da Radio Galega, é o mellor “xeito de fuxir da barbarie”.

Por iso, e aínda que a poética de Lois Pereiro nace da experiencia vital dun “xove ferido pola doenza física e pola doenza da modernidade”, segundo viu Fermín Bouza, hai nela un aferrarse á vida como desobediencia da morte que aínda hoxe nos estremece.

A POESÍA, segundo el mesmo declarou nunha entrevista, é o mellor “xeito de fuxir da barbarie”



LOIS PEREIRO EN XERAIS
LETRAS GALEGAS 2011
xerais@xerais.es • <http://www.xerais.es>
en galego todo o tempo



CERO A LA IZQUIERDA

O CORREDOR DE FONDO PERDE O ALENTO

FUXENDO DUNHA VIDA INZADA DE RENUNCIAS

DA SÚA LITURXIA OBESA E OLEOSA,

MEDIOCRE NOS SEUS COMUNAIS FRACASOS,

BÁGOAS DE XELO, INDIGNACIÓN CONTIDA

NON DEU CHEGADO A TEMPO DE EXERCER

A SÚA REBELIÓN,

NEN DE LEVAR A CABO

A SÚA VINGANZA DEFINITIVA

CONTRA UN MUNDO INXUSTO, HOMICIDA, E CRUEL,

POLA INUTILIDADE DA SÚA PROPIA VIDA

SOLITARIO, ENFERMO E FATIGADO,

A MORTE ANTICIPÓUSE E CHEGOU ANTES.

OUTONO 95

UN POETA
DIFERENTE

XULIO VALCÁRCEL

Lois Pereiro é unha voz atípica na poesía galega; pola actitude vital, extrema, marxinal; pola proposta estética, dura, ríspida, e polas fontes, inusuais, nas que nutre a súa poética. A súa obra resiste con puxanza o paso do tempo, talvez porque os textos son traxunto directo da súa propia vivencia agónica. Non hai en Pereiro retórica nin impostación, a súa palabra, núa, é en si mesma encarnadura, ferida que respira, proxección nos versos do seu propio drama. Toda a súa obra, escasa canto intensa, aparece traspasada pola dor, física e moral. Dor da enfermidade, dor da incomunicación, dor da crueldade social.

Nesas circunstancias, a poesía, o amor, aparecen como único refuxio. Iso parece indicar cando fai súas as palabras de Calver: "Considerarme amado, sentirme amado na terra" ("Eu tamén podería dicir o mesmo" –comenta). É a confesión dun ser afastado, á intemperie, un SOS entre o silencio e a xordeira, que evidencia a súa orfandade, o seu desvalimento. Porque Pereiro esfórzase en descifrar a realidade que o rodea e demanda, aínda que non o diga, comprensión.

Non é doado para ninguén sobrevivir na xungla social, canto máis a espíritos sensíbles e mentes lúcidas, conscentes. A cuestión agrávase se esa adaptación se proxecta nunha afectodependencia que acaba por converternos en escravos ou mendigos. Compriría, para suportala, sermos máis independentes; non ir, como Pereiro, a corazón aberto.

Asemade, a incidencia na dor como recreación morbosa –o corvo que furga na ferida impedindo que cicatrice–, o narcisismo do mártir, conleva un perigo a nivel artístico: poucas veces a circunstancia particular consegue erixirse en paradigma universal, de maneira que o sacrificio pode resultar estéril.

Conecta Lois Pereiro na súa experiencia vital e literaria co malditismo, dimensión autodestrutiva que transita as ribeiras da droga e da alucinación; quérese dicir, a sensu contrario, da lucidez e da clarividencia, facendo do vivir unha angustiosa metáfora: vida efémera e obra con vocación de ultimidade. O talento, a virtude literaria, conlevan, á par que un privilexio, unha condena, unha "maldición", obrigando aos detentadores a recollerse nun hermetismo protector, pero lacerante.

Rimbaud consideraba que o artista era un "vidente" e pretendía chegar á revelación, ao "descoñecido", a través da desorde, isto é, forzando, expres-

UNHA LONGA peregrinaxe cargada de tribulacións será necesaria para acadar o obxectivo

mendo a capacidade e a receptividade sensorial. Unha longa peregrinaxe cargada de tribulacións será necesaria para acadar o obxectivo. Nese proceso, o opio, o haxix, a ausencia..., podían ser estímulos axeitados. Pero a cuestión non era sinxela. Como ironizou Koestler referíndose ao alcol, "onte pola noite resolvín o enigma do universo, pero agora esquecín cal era..."

Esa distancia entre o creador e os destinatarios separa e condena ao poeta ao illamento e ao desamparo. O problema agudízase cando o dogma establece que "os malditos son os mellores" e os prexuízos insisten, de maneira estereotipada, en asimilar arte e tolura. Segundo esa opinión, ser "maldito" é proba irrefutábel de valía

e calquera outro enfoque é considerado inconsistente ou "aburguesado". Inconsistentes son, en verdade, estes argumentos de impronta neo-romántica se pensamos en Machado, Pessoa, Kafka, Kavafis... e tantos outros xenios de apagadas, grises, anodinas existencias.

A dureza inhóspita dos arrabaldos urbanos, a incomunicación, a soidade, nutren a poesía de Pereiro, que se converte nun esconxuro contra a ameaza da morte; liberarse da morte, morrendo. Esa é a idea. E vénnos ao pensamento o poema de Dylan Thomas "and death shall have no dominion"; confuso, atropelado, trascende as palabras e convértese nunha proclama, "e a morte non terá dominio". Pero tíñao.

A DUREZA INHÓSPITA dos arrabaldos urbanos, a incomunicación, a soidade nutren a poesía de Pereiro

TODA A SÚA OBRA, escasa canto intensa, aparece traspasada pola dor, física e moral





O FOULARD DE ISADORA DUNCAN

LUÍS COCHÓN

Habemos de estarlle ben agradecidos aos que optaron pola valente decisión LOIS PEREIRO, no canto de outros merecedores, de consagrar ese Día das Letras Galegas ao poeta da cidade de Monforte.

Facíalle falta este recoñecemento a un escritor minorizado –e quen non– para espallar en máis extensivo dominio o fenómeno –que se verá– da súa recepción. Tería que chegar aínda por camiños menos doados, como chega o que ten que chegar: o bo pano na arca se vende (alguén había preferir pano sedán de Malinas). Mellor é que chegue a ocasión máis cedo que tarde ou despois. Alégrase o corazón cando se premia a un creador mozo, se ao mesmo tempo se premia a outros da súa quinta. Tamén o corazón da Academia, tendo como ten no arquivo figuras excelsas que, como tales, terán o seu día irrefutable.

É canto espero deste Día: a difusión mediática e a recepción en lectores novos: a obra

precisada de acollida cálida nos mellores espíritos. Algunha outra achega crítica que tanto demanda a literatura de noso, pero non quero dar-me a engano.

Quizabes porque os tempos que corren non dan para máis por seren pouco propicios na lectura, na escrita (pero menos), no pensamento hermenéutico. Cando máis que Lois Pereiro, laureatus, é poeta complexo na súa facilidade distanciada. O difícil non soe

É CANTO ESPERO deste Día: a difusión mediática e a recepción en lectores novos

ser complicado. Poeta, insisto, que non pode ser despachado, así como así, por medio de quíasmos ou oxímoros; somas de craridade, espadas como labios, León Felipe roto ou rom-

pido, leite negra do amencer, ... “con amor / contra min mesmo / e sempre”. Medio vítima, medio cómplice, nin apocalíptico nin integrado, senón todo o contrario; “Triste Stephen”. De non moitas lecturas para volver a elas, resgardouse do que non interesa. Construiu e ergueu os seus poemas en memoria e cenotafio de si. Soño insomne:

En plenas facultades,
teño a cabeza no centro do mundo
e voulle cambiando os argumentos
ós meus soños escasos e prudentes.

Isto baixo dun “motto” de Valéry: “Le vent se lève... Il faut tenter de vivre”. Os soños son escasos e escasamente prudentes.


Habería que tentalo noutra vegada, non naquela onde o foulard fíxolle a trastada derradeira a Isadora Duncan.

Se non foi o Jaguar.

POETA, INSISTO, que non pode ser despachado así como así, por medio de quíasmos ou oxímoros



ALÉGRASE o corazón cando se premia a un creador mozo, se ao mesmo tempo a outros da súa quinta



ISOMENTES

INTENTABA CONSEGUIR

DEIXAR NA TERRA

ALGO DE MÍN QUE ME SOBREVIVISE

SABENDO QUE DEBERÍA TER SABIDO

IMPEDIRME A MÍN MESMO

DESCUBRIR QUE SÓ FUI UN INTERLUDIO

ATROZ ENTRE DOUS MUROS DE SILENCIO

SÓ PUDE EN EVITAR VIVENDO Á SOMBRA

INOCULARLLE PARA SEMPRE A QUEN AMABA

DOSES LETAIS DO AMOR QUE ENVELENAVA

A SÚA ALMA CUNHA DOR ETERNA

SUSTITUÍNDOLLE O DESEÑO DO EXILIO

INCLUIR A VIAJE SEN RETORNO

DEIXÁNDOME LEVAR SEN RESISTENCIA

Ó FONDO DUNHA INTERNA

ANQUILACIÓN CHEA DE NOSTALXIA.



EASDPP Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso. A Coruña

Ensinanzas Artísticas Superiores de Grao en
Deseño Gráfico
Deseño de Interiores

**ABERTO PRAZO
INSCRICIÓN**

Os Pelamios nº2. 15001 A Coruña Telf. 981 22 53 96

Ciclos Formativos
C.S. Fotografía Artística
C.S. Ilustración
C.S. Artes Aplicadas da Escultura
C.M. Dourado e Policromía Artísticos

Ensinanza Modular
Taller de Cerámica Artística I - II

www.eapicasso.com



AMOR E SANGUE EN
CHAPAS

ANDO Á PROCURA DUNHA OLLADA SÚA
QUE ME CONFIRME A FE QUE TEÑO NELA
E AVANZO A CEGAS COA MAIOR FIRMEZA
NOUTRA REBELIÓN XUSTA QUE INTERNA
NUNHA URXENTE ESIXENCIA DE CERTEZAS
PARA ESTE CORAZÓN REBELDE E ZAPATISTA
OBRIGADO A LOITAR POLO EVIDENTE
CUNHA SAREA FURIA
ANTIÇA E SABIA

DÉSE O AMOR QUE RESISTE Ó QUE O
REPRIME
CON ELA POR COMPAÑA COMO ANTES
OU EU SÓ BEN ARMADO DE NOSTALXIAS
DEIXAREME INVADIR DE SANGUE MAIA
PARA QUE RETORNE Á SÚA PROPRIA TERRA
OU CONSIGA VIVER OUTRAS MIL VIDAS
EN LOITA CONTRA O MUNDO
SE É PRECISO
CREBÁNDOLLE O PESCOZO
E DESVIANDO
Á HISTORIA DOS EU CURSO
XUNTO COAS MESMAS VÍCTIMAS
DE SEMPRE

XULLO, 95

CONTRA A MORTE O AMOR
QUE VAÍ COMIGO

DOS DÍAS QUE RESERVA PARA MÍN O
DESTINO
CADA UNHA DAS SÚAS NOITES POR VIVER
SERÍA A DERRADEIRA
A ÚNICA ESENCIAL
SE PUÍDESE VIVERTE A TÍ TAMÉN
TRASNOITADO SOBRE O TEU CORPO EN
CALMA
COHABITANDO Á MÍNA INEXISTENCIA
SONADO NAS TÚAS NOITES
OU PRORROGADO EN TÍ

XULLO, 95

A PORTA ENTREABERTA

EVA VEIGA

Entre o desbordo e a contención, Lois Pereiro vai dando conta dos días dunha vida que no seu íntimo se dilata, mais se extrema nesa beira última que de cote pode ser a derradeira. Fráxil equilibrio existencial que o poeta sostén como un milagre, como ese grande milagre do mundo que Pimentel dicía verbo da poesía.

E é precisamente o corpo do poema o que se conquista en tan atroz como fascinante batalla.

**E É PRECISAMENTE O
corpo do poema o
que se conquista en
tan atroz como
fascinante batalla**

**CADA VERSO na poesía
de Pereiro é un paso
máis que dá o
funambulista nesa corda
(...) contra o imposible**

os límites os que esculpen substancialmente as formas da vida, malia que a vida transcende todas as súas formas.

Quizais, como escribiu o pensador Maurice Blanchot, é necesaria a proximidade a ese poder absoluto que é a morte para despojar a través das palabras á figura –sempre vestida– do mundo e propiciar así o encontro coa nudez, ese algo espido que, non obstante, é inapreixable. Essa coisa que me escapa e no entanto vivo dela, segundo Clarice Lispector.

En efecto, cada verso na



OBRA DE ALFONSO COSTA

poesía de Lois Pereiro é un paso máis que dá o funambulista nesa corda –unhas veces tensa e outras frouxa– contra o imposible– Porque o poeta sabe que o Amor e a Arte sobreviven a toda morte.

Amor e Poesía que se for-

xan a partires da experiencia, diríase heroica, dun home que se entrega dende a enfermidade e a nostalgia a facer “desas causas perdidas” unha obra universal da que se desprende, por outra parte, unha enerxía que nos ultrapasa.

libros



**Lois Pereiro
Poesía completa**
ED. DE ANA ACUÑA

Editorial Xerais. Clásicos
Vigo, 2011. 223 páxinas.

■ A editorial Xerais reúne por primeira vez a poesía completa do poeta monfortino Lois Pereiro.



**Conversa
ultramarina**
ED. DE HUGO MARTÍNEZ

Positivas.
Santiago de Compostela, 2010.
118 páxinas.

■ Conversa ultramarina é unha longa carta de Lois Pereiro dirixida a Piedad R. Cabo.



**Radigrafía do
Abismo**

ANTÓN PATIÑO
Espiral Maior. Ensaio
Rutis-Culleredo, 2010.
207 páxinas.

■ Unha visión como do pintor e escritor Antón Patiño sobre a vida do poeta de Monforte de Lemos.



**Modesta proposición
e outros ensaios**

LOIS PEREIRO
Editorial Xerais. Clásicos
Vigo, 2011. 83 páxinas.

■ Un testamento vital dende os textos, artigos e entrevistas que quere rachar cos tópicos sobre Pereiro.



**Náufragos do
paradiso**
LOIS PEREIRO

Editorial Galaxia.
Vigo, 2011. 103 páxinas.

■ Edición da única novela de Lois Pereiro comezada en 1970, e un relato –Insomnio– baseado nela.



Poesía núa e fonda que transforma a angustia en luz que nos guía situándonos nese estado de percepción no que a palabra fai vibrar o silencio; onde o que se di e o que non se di actúan como placas tectónicas a nos comover. E sempre esa greta, esa porta entreaberta por onde entra e sae o desexo que é

substancia e forza primixenias, que é a esperanza sen outro destino que si mesma: vontade radical de vivir como se cada instante fose o primeiro, nun territorio que a poesía inaugura e funda para o mundo e a súa conciencia, para a súa alma.
Dende o centro mesmo da dor e do amor, Lois Pereiro é

quen de erguer a voz, como un explosivo silencio no cáliz das palabras, sobre a atafegante miseria intelectual e moral que o vai arrasando todo. Porque o poeta monfortino, homenxeado co Día das Letras galegas 2011, lonxe de ficar como vítima da melancolía e da enfermidade, escolleu ser responsable do seu

LONXE DE FICAR como vítima da melancolía e da enfermidade, escolleu ser responsable do seu destino

destino, deixándonos o legado impagable do seu compromiso ético e estético.



libros



Lois Pereiro. Náufrago do paradiso
MARCOS CALVEIRO
Editorial Xerais.
Vigo, 2011. 110 páxinas.
■ Coma un falso guión dun filme imaxinario esta biografía amosa algunha das escenas da vida do poeta monfortino



O negro leite da aurora
J. LUÍS CALVO E CARLOS GEGÚNDEZ LÓPEZ
Toxosoutos.
Noia, 2010. 265 páxinas.
■ Sobre a vida e a obra con limiar de X. M. Pereiro e colaboracións de Xulio Valcárcel, Luís Valle e F. Salinas Portugal



Antoloxía poética
ED. DE DANIEL SALGADO
Editorial Galaxia.
Vigo, 2011. 171 páxinas.
■ Unha completa escolma do poemario de Lois Pereiro a cargo do xornalista, escritor e tradutor Daniel Salgado.



A palabra exacta
ANTÓN LOPO
Editorial Galaxia.
Vigo, 2011. 185 páxinas.
■ Biografía a traveso de amigos e familiares e a relación directa coa música e o cine e a influencia que tivo na súa obra.



Trnsgresión e fragilidade
Un retrato literario de Lois Pereiro
MIGUEL A. MATO FONDO
Edicións Laiovento.
2011. 69 páxinas.
■ Profesor e poeta, Mato Fondo pertenceu a xeración dos 80, como Pereiro.





QUE ES GALICIA

A. AGUA, AIRE, LA AMNESIA DEL VENCIDO, LA ATRACCIÓN DEL ABISMO, EL ÁRBOL JUNTO AL ÁRBOL, Y LA ALEGRÍA DEL ESPACIO CIRCUNDANTE. EL ALMA ES EL ATLÁNTICO Y ES EL ACANTILLADO EL CUERPO DE SU LLAMADA ATROZ.

B. BARROCO: LA BELLEZA USUAL HECHA MATERIA EN PIEDRA EN EL BORDE DEL BOSQUE OMNIPRESENTE.

C. CALMA, CASTELAO, CURROS, CUNQUEIRO, CULTURA, CELEBRACIÓN Y CULPA: UNA CONCIENCIA CELTICA DEL COSMOS.

D. DIFÍCIL DEFINIR ESE DOLOR, DOBLEGAR EL DESTINO, CONSEGUIR QUE EL DESEO NOS SIGA SIENDO ÚTIL. (DELUVIA)

E. ESPIRAL EN EL ESPACIO ESFÉRICO, EMIGRACIÓN: ESTÍMULO DE NUESTRO EXILIO INTERIOR QUE NOS LLEVA POR EL ESTE HACIA EUROPA, POR EL MAR HACIA EL ÉXITO Y HACIA LA ENFERMEDAD, Y SIEMPRE HACIA EL ETERNO EXTRAÑAMIENTO DEL ESPÍRITU.

F. FUEGO DE HOGAR, FANTASÍA, FÁBRICAS, FIEBRE Y FORMAS DEL FUTURO, FIGURAS DEL PASADO. EL FENÓMENO ATMOSFÉRICO DE LA FELICIDAD, Y TODAS LAS FIESTAS DEL MAÑANA...

G. GRÁFICAS DEL GRANITO, AGUA Y SILENCIO, DONDE TRANSBORDA EL ALMA DE LA GULFSTREAM. EL GEMIR DE LAS GAITAS, Y EN EL CARÁCTER ESA AMABLE PRESENCIA DE LA GRASA.

H. HISTORIA: HEREDADA EL OLVIDO, LA NUMEDAD, EL "HORROR VACUÍ" Y LA HUMILDAD NOS IMPIDEN CONVERTIR LA HISTORIA EN HEROÍSMO. NUESTRA HEREDAD ADIESTRADA EN LA HUÍDA, CON LA SABIDURÍA DE LAS HERIDAS VIEJAS, POR NUESTRAS PROPIAS MANOS SOLAMENTE VENCIDOS.

I. TRONÍA: ARTE DE CONVERTIR EL INFIERNO EN UN CUENTO DE INVIERNO.

J. SONIDO ORIENTAL. ROTUNDEDA SUREÑA.

K. KLOWATIOS POR TIERRA SUMERGIDA.

L. LUTO: MANCHAS EN EL PAISAJE, BOLAS NEGRAS SOBRE EL TAPETE VERDE.

M. LEGA MUERTOS EL MISTERIO DE LA MÚSICA, PERO EL MIÑO SE VA LLEVANDO ESE MISTERIO AL MAR.

N. NORTE, NOCHE, NEBLA, NEGRO: MATERIA POÉTICA NACIONAL.

Ñ. NIV/ GN/ Ñ.

MARÍA XESÚS NOGUEIRA Doutora en Filoloxía Galega

PAISAXES POSINDUSTRIAIS

UNHA ENTREVISTA DE FRANCISCO XOSÉ CASTIÑEIRA GONZÁLEZ

María Xesús Nogueira Pereira (Berres, A Estrada, 1968) considera que Lois Pereiro foi un verdadeiro innovador na poesía galega actual, tanto no que se refire ás súas temáticas, referentes e modelos, como á propia linguaxe poética. A doutora en Filoloxía Galega na facultade de humanidades de lugo opina que desde os seus inicios, a mediados dos anos 70, o mindoniense “percorreu de xeito deliberado e consciente camiños que se afastaban dos maioritariamente transitados polos seus contemporáneos” e afirma que a súa poesía dialogou co rock, co punk, co “afiado terrorismo austro-aleman” de Peter Handke, Thomas Bernhard ou Paul Celan. “Pereiro incorporou ademais paisaxes frías, metálicas, posindustriais e inxectou modernidade e vida na literatura”, afirma a autora do recente “Diccionario Lois Pereiro”.

—Houbo voces contrarias a dedicar un 17 de Maio a este poeta, como unha especie de homenaxe póstuma institucional, que se mostraron máis a favor da recuperación e difusión da súa obra. Que opinión ten ao respecto?

—Máis que voces contrarias, o que houbo foi bastante sorpresa pola decisión, e tamén incerteza sobre como se podería articular unha celebración como as Letras Galegas dedicada a un autor como Pereiro. Algunhas voces mostraron tamén o seu temor a ante os perigos que podía supor a institucionalización da figura de Lois Pereiro: neutralización, mitificación, manipulación... De todas maneiras,

A RECUPERACIÓN e a difusión da súa obra era efectivamente unha tarefa pendente

ras, a recuperación e difusión da súa obra era efectivamente unha tarefa pendente con independencia de calquera celebración institucional.

—Ao ler os poemas de Pereiro aflorara entre os seus versos o amor disfrazado de morte e vida. Como habería que ler os seus poemas desde a vitalidade ou o pesimismo do autor?

—Desde o vitalismo, desde a “vida e a furia necesaria” que demanda no poema que pecha o seu derradeiro libro, “Poderíanos escoller como epitafio”.

—Considera que o autor buscou unha renovación na linguaxe poética do momento, tendo en conta á época na que comezou a escribir?

—Buscouna desde os seus primeiros textos aparecidos na revista Loia nos que incorporan imaxes insólitas e practica o plurilingüismo tan característico da súa estética. Nese primeiro libro hai tamén unha renuncia ao ton confesional. A temática do seu derradeiro poemario, Poesía última de amor e enfermidade, centrou a escritura na experiencia propia sen renunciar non obstante aos principios estéticos.

—El dicía que a poesía era fuxir da barbarie, que era aquilo do que quería escapar mediante os seus versos?



María Xesús Nogueira ven de publicar “Diccionario Lois Pereiro” SANTOS-DÍEZ

—Da barbarie, da indiferenza e tamén da morte.

—Coincide coa afirmación de que Pereiro era un autor preocupado pola palabra precisa no verso e pola métrica ou trátase dunha evolución natural?

—A lectura da súa obra tanto poética como prosística mostran o coidado artesan con que traballou a súa literatura, un oficio que desempeñou cun alto grao de conciencia e de dedicación. O cultivo do hendecasílabo no

seu último libro é unha mostra desta actitude.

—Que influencias considera máis activas na obra de Pereiro o simbolismo francés ou a dos autores centroeuropeos el austríaco Thomas Berna-

A LECTURA DA SÚA obra mostra o coidado artesan con que traballou a súa literatura



nhard o Peter Handke?

–Unhas e outras. A da “xeada estética centroeuropea”, como el a denominou, foi non obstante máis explícita e resultou no seu momento máis innovadora. Foi por iso polo que acabou actuando como un sinal de identidade.

–Opina que con estes últimos autores sentía unha unión vital debida á súa doenza crónica que o levou á morte prematura?

–Posiblemente, se temos en conta que a presenza explícita destes referentes aparece sobre todo a partir do ano 1981, no que o poeta sofre a intoxicación polo aceite de colza. Non obstante, a cultura centroeuropea está xa presente nos primeiros textos aparecidos en Loia.

NON OBSTANTE, a cultura centroeuropea está xa presente nos primeiros textos aparecidos en Loia

–Lois Pereiro afirmaba que dos seus dous libros publicados “Poesía última de amor e enfermidade” era o seu poemario completo. Cales son as diferenzas substanciais entre este a súa recompilación 1981-1991?

–A principal diferenza radica nunha cuestión que antes apuntaba. No primeiro dos libros o eu aparece ficcionalizado, encuberto detrás de máscaras diversas que establecen unha distancia entre



Pereiro é dificilmente encadrable na literatura galega

SANTOS-DÍEZ

el e o texto. No segundo, polo contrario, o eu aparece claramente identificado co propio poeta que escribe. O cambio ten moito que ver, como explicou o autor, co momento no que este libro foi escrito, logo do agravamento da súa enfermidade e a experiencia extrema, na porta xiratoria que separa os dous mundos, vivida no ano 1994.

–Música, cinema, a modernidade dos 80, a vida daquela época aparecen introducidas na obra de Pereiro, foi un sopro de aire na poesía galega?

–Foino, sen dúbida, aínda que foron sobre todo os escritores e escritoras da promoción posterior (os comunmente denominados poetas dos 90) as que reivindicaron unha obra invisibilizada polas liñas estéticas dominantes nos anos 80 que, como antes apuntei, fan por outros derroiteiros.

–Pódese falar dunha

DE AMOR E DESAMOR non constituíu nin unha xeneración poética nin un grupo con postulados estéticos comúns

O CAMBIO ten moito que ver logo do agravamento da súa enfermidade e a experiencia extrema

xeración da cal formaba parte Pereiro ou el é un aparte no colectivo de Amor e desamor?

–Se entendemos xeración literaria no sentido biográfico e biolóxico que tantas veces se aplicou á literatura galega, Lois Pereiro resulta dificilmente encadrable. Semellante orfandade contrasta non obstante coa relación que mantivo con numerosos proxectos grupais, como foi co caso de Loia, a revista La Naval, o atlantismo ou De amor e desamor. Este último colectivo non constituíu nin unha xeración poética nin sequer un grupo que compartise postulados estéticos comúns. Tratouse unicamente dun conxunto de escritores coruñeses que se reuniron baixo ese nome para organizar recitais e publicar a súa obra en dous volumes colectivos. Nesta circunstancia insistiu Lois Pereiro en varias ocasións, remarcando sempre a súa independencia.



“NÁUFRAGOS DO PARADISO”: UN PROXECTO INACABADO

–El lamentaba e desculpaba que houbese unha poesía en galego que chamaba “profesoral”, cre que esta circunstancia segue na actualidade ou el abriu o camiño para outros poetas?

–Foron unhas declaracións que para algúns resultaron polémicas e que facían referencia a un momento concreto no que a figura do escritor (cando menos do máis visible e recoñecido) se asociaba a miúdo á de profesor comprometido coa normaliza-

ción da literatura galega. Tratábase ademais dun momento no que a tendencia maioritaria na poesía era a volta a unha estética culturalista, clásica, esteticista e en ocasións barroquizante. O Grupo de Comunicación Poética Rompente, o colectivo Ronseltz e unha boa parte dos poetas dos 90 encargáronse de desfacer unha imaxe que, non obstante, aínda segue vixente nalgúns ámbitos.

–Recordo que el botaba en falta un Conrad que describise en gale-


go as tempestades no Índico. Cre que Pereiro cambiaría os versos pola prosa para embarcarse na novela?

–Lois Pereiro traballou nunha novela, Náufragos do Paradiso, cuxos fragmentos foran publicados en Luzes de Galiza no ano 1996 e que este ano viron a luz en forma de libro. Trátase dun proxecto inacabado e indubidablemente valioso no que o experimentalismo e a linguaxe poética son evidentes. Con todo, desde o punto de vista da publicación semella claro

que Lois Pereiro priorizou a súa poesía.

–Que poden atopar ou descubrir os novos lectores na obra de Lois Pereiro?

–Unha actitude e un imaxinario que aínda hoxe resultan bastante insólitos na literatura galega naqueles xéneros –narrativa, ensaio e, sobre todo, poesía– que cultivou, alén dun discurso comprometido coa literatura, o mundo e a vida, e unha experiencia escrita con sangue propio no seu derradeiro poemario.



O. OESTE. “GALICIA ATIENDE Y OBEDECE A LA LLAMADA DEL OESTE” (R. OTERO PEDRAYO). TANTOS SIGLOS DE OFENSAS Y DE OLVIDO CREAN ANTICUERPOS EN EL ORGANISMO DE UN PUEBLO, Y ESA CONTINUA OFENSA DE LA HISTORIA GENERARÁ EN EL ORGULLO DE ESTE PUEBLO APACIBLE EL DESTRUCTIVO OXÍGENO DEL ODIO, LA OBSESIÓN DEL FRACASO Y DE LA CULPA.

P. POESÍA. PATRIA. PASIÓN. PELIGRO DE EXTINCIÓN, PERDIDOS EN NUESTRA PROPIA PUREZA, DE LA NECESIDAD DE SER UN PUEBLO. NUESTRA INDIFFERENCIA ALIMENTARÁ EL PROCESO DE AUTOGENOCIDIO QUE VIVIMOS. PAISAJES DISPERSOS, ALINEADOS ENTRE LOS PERFILES DEL PASADO, CON LA PRESENCIA DE UNA VEGETAL SENSACIÓN DE ETERNIDAD. PASIÓN Y POSES “PUNK”. REFLEJOS POSTMODERNOS Y ALTAS HORAS EN LOS DIQUES URBANOS DE LA NOCHE.

Q. QUÍMICA DEL DOLOR. QUINTAESENCIA DEL MIEDO. ZAHÍ, PEGADO A MÍ, QUIÉN SE RÍE?

R. RÍO. EL RUMOR DE LA VIDA. LA RELIGIÓN DE LAS AGUAS. LAS RESAS SURGEN SIEMPRE DONDE REINA LA CALMA, EN LA QUIETUD PROFUNDA DE QUIÉN CONOCE EL RIESGO Y LO DOMINA. RURAL: CORRE SANGRE RURAL POR ESTAS VENAS; Y SI ALGUNA VEZ LA RAZÓN OPONE RESISTENCIA, SE RECONOCE EL GALLEGO EN LA TIERRA, EN LA LENTA VITALIDAD DEL ÁRBOL, EN LA INVENCIBLE RESIGNACIÓN DE LA HIERBA.

S. EL SONIDO DE LA SOLEDAD Y EL SILENCIO. EL SALVAJE SARCASMO DE LOS SUEÑOS DEL PRESENTE, Y LA SILENTE ATRACCIÓN POR EL SUICIDIO: EL SIL. EL MUNDO ES NUESTRA SANGRE, EL SIL SU SOMBRA. SERENOS Y SOMBRÍOS, FINALMENTE TRASCIENDE LA SONRISA ASTUTA.

T. TIERRA. Y EL TIEMPO, Y EL TRASTORNO Y SUS TINIEBLAS. LA TRADICIÓN DE UNA TRISTE TERNURA. LA TIERRA ES EL PRINCIPIO, Y TODO EXISTE EN ELLA Y PARA ELLA.

U. UTOPIA: COMPAGINAR EL DESEO Y LA NECESIDAD DE NUESTROS SUEÑOS.

V. VACAS EN VALLES MOJADOS, Y LA FÉRREA VOLUNTAD DE LOS VIEJOS ENCADENADOS A LA TIERRA, CON EL VICIO DE SU FATALISMO ESCÉPTICO. VERDE, VERDE Y MÁS VERDE SOBRE OTROS VERDES, Y POR DETRÁS: VERDE.

W. WHISKY. NOCHE URBANA. GALICIA ES WAGNERIANA, O ES MÁS BIEN UN WOLFGANG AMADEUS ENFERMO DE PAISAJE, SOÑANDO CON SIBELIUS.

X. 25 DE XULLO*.

Y. Y
Z. FIN



DÍA DE FESTA AÍND

VICENTE ARAGUAS

THE FLOWERS OF FRIENDSHIP
FADED
FRIENDSHIP FADED

PRESENTAMOS AS HORAS DO VRAO
VIVER DE DÍA
OS FUTUROS SOÑOS FRÍOS

DE AMENECERES DE LÚA CON ARMARIOS
TRANSPARENTES DE OLLOS FRÍOS
ASESINOS DE PRINCESAS DURMIDAS
EN MOREAS DE BEBIDAS INOCENTES
RESES DA EXPLOSIÓN SOLITARIA
NUN DÍA ESCURO DO PAÍS ACUSADOS DE
QUERER SER
ANANOS E VIVER NA HERBA
APUNTÁNDOS COA MORTE EN
DECADENCIA
DÉNDE O DÍA DO VIAXE
OU FUXIDA SENTIMENTAL
OUBEANDO (A CHAMADA DO BOSCO QUE
SE ME ESCONDÍA)
O SONIDO
DE SENSO DESESPERADO
O SONIDO TRÁXICO.

O ÉSTASE
EN SORRISA VENDO
COMO PEDRA MATABAS AQUEL BURACO
ESCURO CON FORMA DE CRÍME
ONDE O SILENZO ULE
A TORMENTA NOSTÁLXICA E NEURÓTICA

(UN CENTRO NEURÓTICO PRO
CUN LÍMITE MARCADO NALGÚN SÍTILO)
E NON ERA A PRIMEIRA VEZ
QUE O SUICIDIO VOABA NO CEO DA
ÚLTIMA PALAXE
MARY (BUKED AND SCORNEO)
XA O TIÑA VISTO
NO CEO DE CALIFORNIA.



Seguimos a ser, cos irmáns lusos e o seu poeta nacional, os únicos que facemos festa “de verdade”, sen ir ao choio, a partir dun feito cultural. Cal é o noso Día das Letras. Que ben podería ser, igualmente, Día da Lingua Galega. Porque sen esta xa podíamos irlle entonando o “gori-gori” á literatura. Obviedade tan manifesta que, xustamente por iso, hai quen non termina de vela. Os mesmos que, benzoados sexan, non teñen reparo ningún en ler as escasas seccións en galego dos xornais de información xeral. Pero manifestan o seu agrado (ou desagrado, lástima fora) aos autores desas columnas escritas na lingua de Galicia, e agora falo por experiencia propia, en español.

Algo así como se o galego fose idioma “de cultura” (por non dicir “de culto”) e pouco máis. Asunto no que se nos informa de cousas oficiais, co

UN POETA que morreu
cáseque que sen deixar
obra, mais si a suficiente
para encher de contido
este 17 de maio

que se rotulan dependencias burocráticas e que serve para redactar bandos municipais ou cartaces reivindicativos, e máis nada.

E así non, por moito que pensemos que o latín morreu e o mundo que o falaba seguiu a existir, escindido en linguas e dialectos procedentes de aquela marabilla xordida do Lacio. E así de ningún outro xeito que non sexa o de certificar a morte de algo aínda vivo, e con posibilidades de pervivencia futura.

Eis o senso, non lle vexo outro, ao Día das Letras Galegas, que este ano cae en martes. O que posibilita implícalo

nunha maneira decididamente festiva, para que a xente poida vencellalo a un choio lúdico e divertido e gozoso. E non outra cousa son os idiomas (porque sirven para amar e rir, tamén chorar, con eles). Cuspidiño á utilidade das Letras, ou sexa, da Literatura.

Ese asunto prodixioso que en galego ten dado a Martín Codax, Fernando Esquío, Rosalía de Castro, Eduardo Blanco Amor ou Fermín Bouza-Brei. Por citar este póquer de ases dunha baralla que non está marcada, senón que presenta unha limpeza grande. A mesma da lingua que lle serve de tapete.

Puro sabor popular o da xente espléndida que non se dobregou nos séculos escuros mantendo afiado un idioma que ten moito de faca. De faca de sete estalos, como os argumentos literarios que “aínda” pode presentar. E que fan que

hoxe sexa festa, día no que non hai escola, senón aquela que orzan os autores que ano tras anos alcenden a efemérede. Este ano o Día das Letras Galegas ven adicado a Lois Pereiro. Un poeta e prosista que morreu novo e cáseque sen deixar obra.

Mais si a suficiente para encher de contido o 17 de maio deste ano, conmemoración dunha data na que Cantares gallegos de Rosalía de Castro, ese milagre para calquera lingua, senón que optou pola propia, viu a luz primeira. Vencellando o mundo sorprendente da nosa literatura medieval con todo o que viría despois de aquel día memorable.

Eu non sei que futuro ten o idioma galego. Igual dentro de trescentos anos tal día como hoxe sigue a ter continuidade aínda que Galicia fale soamente un español trufado de galeguismos (como pasa co inglés de Escocia, e comeza acontecer co de Irlanda verbo do gaélico).

Daquela o das Letras sería un Día estritamente “cultural” ou “de culto”. Caste de lembranza de algo que existira aquí dez xeracións atrás e que devira asunto lúdico e festeiro. Digno de respecto xa que logo. Melancólico, ou cando menos saudados, ou triste definitivamente.

No interín, pois aínda existen razóns para a esperanza, termemos con forza da palabra. Témolade momento. Non a perdamos. Nin a literatura que xorde dela. Que a festa de hoxe non deixe de selo nunca. Máis con fundamento. Si.

PURO SABOR popular o da
xente espléndida que non
se dobregou nos séculos
escuros mantendo
afiado o idioma



RED LOIS, PROUD LOIS, SAD LOIS

ARMANDO REQUEIXO

Teño de vello querenza pola escrita e a figura de Lois Pereiro, sempre tan anticonvencional, tan radical e esencialmente allea a modas e estéticas acomodadas.

Esa é, seguramente, a razón pola que, ao pouco de se nos ir, cando a revista barcelonesa Quimera andaba a preparar un especial sobre literatura galega que, finalmente, viu luz por maio-xuño do 97, dediquei boa parte dun artigo que daquela se me pedira a glosar a súa poesía.

TEÑO DE VELLO
querencia pola escrita e a figura de Lois Pereiro, sempre tan anticonvencional

Hoxe, pasados tres lustros, sigo subscribindo o que entón manifestei, ao que apenas se faría mínimas matizacións. Por iso mesmo volvo agora compartir –traducidas do castelán ao galego– aquelas reflexións sobre a súa biopoética, unha das máis lúcidas e fondas de toda a literatura galega do século XX.

E velaí: «A poesía de Lois Pereiro aparece compilada en dous únicos libros Poemas 1981/1991 e Poesía última de amor e enfermidade 1992-1995, que constitúen practicamente toda a súa obra coñecida.

Posuidor dunha singular voz, a súa obra é o resultado dun crisol de temas e de formas que apostan sempre pola apertura a outras literaturas,

A SÚA OBRA é o resultado dun crisol de temas e formas que apostan pola apertura a outras literaturas



VARI CARAMÉS

TAMPOUCO as creacións doutras artes son alleas a súa arquitectura poética, onde se dan a man músicos e cineastas

outras culturas, outras linguas. As citas en inglés, francés ou alemán e as referencias a autores e obras das distintas tradicións literarias europeas salferen as súas composicións, polas que desfilan Thomas Bernhard, Peter Handke, Paul Celan, Yeats ou Eliot, a carón de Ovidio, Shakespeare ou Quevedo.

Tampouco as creacións doutras artes son alleas á súa arquitectura poética, onde se dan a man músicos como Mahler e cineastas como David Lean, Win Wenders ou Eric Rohmer.

Son os seus poemas de

amor e morte, esperanzados pero duros, arestados embates do corazón que sofre, que ama e loita contra a fatalidade dun sino adverso e destrutivo (o do propio poeta, morto a causa do mal da colza).

O eclecticismo integrador de obras, nomes e culturas (Carver, Dillinger, Chiapas, Octavio Paz, Valéry, os simbolistas e románticos alemáns e ingleses, Bousoño, o Baghavad Gita, Rilke, Sartre, Camões, Joyce, Hölderlin...) crea un mundo de persoal e inconfundible selo, no que tamén hai lugar para o ensaio, en pequenas doses, de certo experimentalismo formal e temático.

Poesía, en fin, como salvación, como “sudario de radicalidade e precisión lírica”; poemas nos que, en palabras do autor, “hai desolación, hai soidade, pero tamén hai desexos de vivir, hai amor. Non

POESÍA, EN FIN, como salvación, como “sudario de radicalidade e precisión lírica”

amor con maiúsculas, que non é máis que unha palabra, senón amor con minúsculas. O amor que se vive de xeito cotián. E esa tenrura que sinto polas persoas que amo, que sempre permanece”.

Poemas que ante o inminente crepúsculo vital que acompañou o autor durante a redacción do seu testamento lírico, Poesía última de amor e enfermidade 1992-1995, ofrecen un alento solidario que cifra no amor á especie humana, no sacro valor da amizade, a salvación e superación da fin biolóxica do individuo creador».

**DYN-AMO E STEVE
DWOSKIN ÓS TRINTA
ANOS**

A PERFECCIÓN ERA UNHA INTUICIÓN FRÁXIL

NA QUE HABITABA UN VÍRUS DEFINIDO EN CADA MOVIMENTO INTERPRETADO POLO DISCURSO ESTÉTICO DA PEL

TALCO E CARMÍN

SEDUCCIÓN SUBCUTÁNEA

A ATROCIDADE ORIXINAL DAS

VÍSCERAS

FURIA XESTUAL EN CADA UN DOS SEUS

NERVOS

NA SESIÓN DE STRIP-TEASE DAQUELA

NOITE

CONFUSAMENTE A IMAXE DOS SEUS

LAVRES

VOANDO SOBRE EUROPA

A VIDA SUCECIÓN DE LUZ E SOMBRAS

O SEGREDO DA PERFECCIÓN MÁIS

PURA

SOMENTES UNHA SOMBRA DE DÚBIDA

NUN XESTO

A LENE DISTORSIÓN NUN DOS SEUS

MOVEMENTOS

EN FUXIDÍA EXPRESIÓN DE TERROR

LÚCIDO

NOS OLLOS E NA BOCA

ESA ERA A PERFECCIÓN DEFINITIVA.

CAÍRON LOGO OS OLLOS OS PEZONS

E COA FURIA DA SÚA VISIÓN SÚPETA

TODO O QUE PUÍDO ARRENCAR LEDA-

MENTE IRADA

COA ÚNICA FORZA DAS SÚAS PROPIAS

MANOS E O PODER QUE POSÚE QUEN

DESCOBRE A VERDADE.

CARTOGRAFÍA DO DESACOUUGO

HENRIQUE DACOSTA

EN DOCE VERSOS FALSOS

- 1 A MÚDO BOTAS NEGRAS E O
SEU XESTO
(ABANDONADAS DO CORPO QUE
AS ESÍXE)
- 2 NA POSTURA DUN ACTO DE
VIOLENCIA
(SEN A EXPRESIÓN REAL DO
ASASINATO)
- 3 POUSADAS COMA UN SÍGNO
(DE FURIA E DE NOSTALXIA)
- 4 NA NOITE LOSTREGADA
(ESVAÍNDOSE DA MORTE SEN
ÍMAXE)
- 5 ESLUÍDA NO REFUXO
(DOUTRA VISIÓN QUE MEDRA)
- 6 DA PROCESIÓN DE EUFORIA
(SABENDO QUE HAI UN DRAMA
ELABORADO)
- 7 NA CREACIÓN VOLCÁNICA
DUN SOÑO
(COMA ORIXE DO DESESPERO
AGUDO)
- 8 NA IDEIA PROCREADA
(DUN PAR DE BOTAS NEGRAS)
- 9 QUE NON ENTRARÍA EN MÍN
(POLA PORTA DUN MUNDO QUE
MÉ INVÁDE)
- 10 SEN O PRUÍDO CURIOSO
(QUE AGORA ME TRASPASA)
- 11 CRAVADO SEN MOLESTIAS
NOS MEUS OLLOS
(TAN CEGOS COMA O TEU ÚTERO
ESTÉRIL)
- 12 QUE VAN DORMIR O SOÑO
QUE NON SÍNTO.

A viaxe emprendida polo poeta Lois Pereiro semella reflexo do traxecto vital do Lois Pereiro cidadán. A viaxe oximórica, así como o movemento pendular que volta teimudo ao punto inicial –Handke aplicou o concepto bergsonian de ‘durée’: o eu déixase vivir absténdose de establecer comparacións entre o tempo presente e os anteriores–, representan unha constante poética: “¿Que lle podo ofrecer a quen me intenta / se son un fío solto da esperanza / tecida e destecida por Penélope?”, “Unha estación no inferno, outra no ceo / temporalmente amable e despectado, / e ó final sempre a triste pulcritude / doutro ensaio xeral do soño eterno”.

Eterna dualidade, eterna dicotomía que singulariza o eu lírico (amor/desamor, vida/morte, luz/sombra, edra arrincada/edra renacida...), manifestación da inadaptación, do pesimismo, do desencanto que habita nel, enraizado parasitariamente no seu ser, para ofrecer unha nova realidade.

Lois Pereiro revélase a través dun lirismo extremo, virado frecuentemente a unha autocontemplación enfermiza. Esta, porén, pode chegar a ser irónica (dandismo irónico), tal é o caso do poema “Narcisismo”. Ironía que explora ao falar tamén da expulsión do paraíso á que el se verá encamiñado, “Se xa morto de qué naval qué mar”.

Poeta contracorrente nos febles 80, chega a ser considerado de culto, virado sen dúbida, positiva ou negativamente, ao nihilismo.

REVÉLASE A TRAVÉS dun lirismo extremo, virado frecuentemente a unha autocontemplación enfermiza

Nunha primeira etapa, a marcada pola publicación Poemas 1981-1991, ou ben polo das composicións da revista Loia, falaríamos dun nihilismo negativo, máis tendente á neglixencia e á autodestrución, pois as composicións ínzanse de insomnio, morte e infección, sangue, dentes, odio, inxeccións e mercurio, crime e crueldade, sexo tóxico, vocábulos que fan parte do seu devastador mapa poético.

Colza, heroína, pánico á sida parecen consubstanciais á vida e obra do poeta, explícitos en “Acróstico”, “Somentes / intentaba conseguir / deixar na terra / algo de min que me sobrevivise”, desazo inmensurable, declaración testamentaria que se reconducirá cara á luz tras a falsa alarma en “Desde a superficie dun novo e imprevisto salvamento”.

O intuitivo do primeiro poemario, polo que ten de premonitorio, fatalista, pesimista, depresivo mesmo, síntomas eles dunha pose verosímil, vírase definitivamente real cando o poeta asume con absoluta serenidade esa morte que hai que agarrar polos cornos e para a que se estivo a preparar concienzudamente, tal e como se reflicte no seu segundo poemario, Poesía última de amor e enfermidade 1992-1995.

A clarividencia e mansura que se aprecia neste libro vén ser a asunción cabal do que antes fora rebeldía airada contra a fatalidade, o regreso á vida malia o tempo xa estar suspenso só polo fío do presente. E o máis fundamental de todo, o amor por ELA, inmortal, sen límites: “para Ela, que me reanudou sen dor entre / poemas; todo o que podo e que aínda teño”.

Mesmo a transmigración, saltando o valo ficticio que os separa: “Superou doadamente / o valado dos soños da súa amada / e penetrou naquel

NUNHA PRIMEIRA etapa, a marcada pola publicación Poemas 1981-1991, falaríamos dun nihilismo negativo

xardín alleo / co seu inferno dentro / e sen máis nada”.

O Lois Pereiro poeta urbano, existencialista, de ambientes fechados, claustrofóbicos, brinca en contadas ocasións a espazos abertos tentando quebrar o ensimesmamento que nel habita, tal é o caso do “Poema a Ánxel Fole” ou da composición “En Góo”, en que fala da terra, mais virando ao final reclamo telúrico, visceral e violento, como de feito ten el declarado: “Interésame esa tradición oculta, a actitude estética e vital dun pobo cultivado no silencio, exercitándose no seu negativismo [...]”. Este é un po-

bo que sabe suicidarse”.

O hermetismo, certa tendencia a unha escrita automática, o expresionismo que vincularíamos con autores centroeuropeos, así como a ausencia de utopía, son outras chaves relevantes na súa poética.

Lois Pererio, en suma, representa unha ‘rara avis’ dentro do noso sistema literario. A vida viviuna dun modo frenético. Morreu prematuramente. Mais disque o deixou dito. Gostaría de poder facelo como Manuel Antonio. Logrouno realmente? Pouco máis ca el viviu. Tan só fica sabermos agora cal é a transcendencia da súa poesía.

PEREIRO representa unha “rara avis” dentro do noso sistema literario. A vida viviuna dun modo frenético



PALABRAS PARA UN POETA

L.A.

*Tal vez eres tú mismo que regresas
para ver dónde estás y depositas*

*al pie de tus cenizas,
húmedo, un ramo
de lluvia o de tristeza*

(J. A. Valente)

Calquera día haberá que subliñar o trazo que Valente ten deixado en Lois Pereiro, non na praxe lírica, mais na poética, na teoría do acto literario, onde se poden seguir as pegadas que afortalaron a escrita do poeta de Lemos. Tal o sinalouno así o autor de Material memoria cando iluminou os versos de Alfonso Costafreda, tácito vehemente na arte da concisión.

Alguén pode apoñerlle a Pereiro a mesma retracción avara de signos, cando son as palabras, propiamente, as que sosteñen o poema, mínimo por si, sen fraseo, a piques de afogar, de non ser de palabra en palabra. Palabra como sustancia, incapaz por veces de erguer un constructo verbal. Entre a opulencia idiomática, se cadra “pour épater” ou distanciarse, non parece ser o catalán a lingua de poesía que máis trasegue o monfortino. Nin Foix, nin Espriu, nin Ferrater ou Costafreda, contra si propio.

Poetas hai que prefiren o

abril das primeiras rosas; outros non queren saber delas. Todos saben de quen estou a falar, e de que: vida e morte, argumento último de toda obra y algún aceno de Cabral de Melo,

e este ramallíño de chuvia de maio como ofrenda cativa, tal vez labrega. *Poesía, Patria Paixón. Perigo de extinción (...)* Peiraos urbáns da noite. Cantos poetas nunha escrita

hapsódica: Manuel Antonio, nauta que soñara en todos os mares nunca antes navegados. Cunqueiro, o primeiro e o mais tardío. Valente (tamén Ánxel) que nos trougo a Paul Celan, e tantos de lingua alemá, previos e de despois; Bernhardt, buque insignia da outredade.


Gráficas de granito, auga silencio, onde transborda a alma da gulfstream. (Estamos en sazón de pescar a corricán). “Pregúntome cando”, como teimamos todos en días de chuvia, en atendendo o escampo, que é o morrer.

Venme á memoria aquel poemíña en coiros (de Brecht) no que o carbón ferroviario caía no saqueto da viúva do compañeiro morto: “Carbón para Mickey”. Agora que hei de ir a Monforte, e por iso, cachearei dentro de min aqueles soños aturidos do tren da noite, cando a cidade foi nó e trasbordo en vagón de terceira de estudante que ía e viña fatalmente na sonámbula Perspectiva Nevsky.

Seguro que a estación –e a súa maraña– non será a propia. Tampouco nós, viaxeiros de tanta noite insomne até a terminal. Ese pasar –ao pasar– que todo o achanda, que todo o aterra, o de alá e o de acá. É o seu modo de ser, tránsito: ávido e voraz. Para que logo digan.



ILUSTRACIÓN DE JUAN J. VEIGA



DEPOIS DO TEMPO
FRÍO

DEPOIS DO TEMPO FRÍO
SABES QUE ESTAMOS PERDIDOS
ENTRE UN POUCO DE VIOLENCIA

AS RAÍNAS DO CORAZÓN DURMIDO (A)
NO BOSCO ESCURO AÍNDÁ SE LOITA (B)
E FORA DO MAR AREA HÚMIDA (C)

CO QUE ALIMENTAR AOS NENOS
QUE TERÍA CONTIGO
SE UNHA NUBE AZUL BAIXASE Á
TERRA

PERO DEPOIS DESTO
QUEDA O SILENCIO
EN GUERRA



Regalos de Primera Comunión
Material escolar
Temas religiosos
Autoayuda - Ocio
Libros infantiles

DISPONEMOS DE LIBROS DE TEXTO
PARA TODOS LOS COLEGIOS



Avda. Pedro Barrié de la Maza, 1
15003 A CORUÑA
Teléfono 981 227 603
Fax 981 217 011

info@libreriasalesiana.es
www.libreriasalesiana.es